

○ MOSQUITO TIGRE



AUTORA: Carrillo Sánchez María

INTRODUCCIÓN

O mosquito tigre, de nome científico Aedes albopictus, é un animal invertebrado, incluído no grupo dos artrópodos, na clase dos insectos, na orden dos dípteros, na familia dos culicidae e no xénero aedes. O seu corpo, que conta cunha cor negra e raias brancas, está dividido en cabeza, tórax e abdome. Tamén dispón de tres patas a cada lado do corpo, e cunhas ás chamadas élitros que lles permiten voar.

É orixinario de Asia, aínda que actualmente haino no resto de continentes excepto Oceanía e Antártida.

Para a alimentación, as femias contan cunha trompa para extraer o sangue a outros animais, mentres que o macho ten un órgano que utiliza para obter néctar.

Teñen unha reprodución sexual e ovípara. Para formar os ovos a femia precisa tomar sangue antes e despois do apareamiento, para lograr así as proteínas necesarias para unha mellor maduración dos ovos. Deposita estes en zonas acuáticas, moitas veces en lugares artificiais coma macetas, xarróns, cubos...



PEQUENOS PERO PICÓNS

AS PICADURAS

Os mosquitos tigre son coñecidos e temidos polas súas picaduras.

E para realizalas a femia detecta cuns filamentos ao lado da trompa o dióxido de carbono provinte dos animais aos que quere atacar. Nestas picaduras utiliza unha substancia anticoagulante para extraer e almacenar o sangue. Esta especie está incluída nas 100 especies exóticas invasoras máis daniñas do mundo debido a que a diferencia dalgúns outras especies que simplemente irritan e inflaman a pel, son o vector de enfermidades como o dengue, a febre amarela ou o virus do Nilo occidental, que requiren asistencia médica para evitar consecuencias negativas.

Se un individuo chega a picarte, é moi importante a hixiene. Aconséllase lavar a zona con auga e xabón para desinfectala. Pero se hai maiores molestias que picor, convén consultar a un médico.

Para evitar a súa expansión pódense tomar medidas. Unha delas é non deixar recipientes nos que se podan depositar os ovos.



CONCLUSIÓN FINAL

Xa para concluír darei a miña opinión sobre esta especie:

Penso que son unha especie moi interesante que contan con rasgos que eu antes non coñecía, como que só as femias extraeran o sangue aos animais.

Pero aínda así non me gustaría encontrarmos, xa que son unha plaga que causa diversas enfermidades.